

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 5898** *Real decreto 557/2020, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas extraordinarias no sector do viño para facer fronte á crise causada pola pandemia do COVID-19, e polo que se fixa unha norma de comercialización no sector do viño e se modifica a regulación sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e o programa de apoio ao sector do viño.*

A pandemia do COVID-19 está provocando unha importante perturbación do mercado vitivinícola. Debido a esta circunstancia, publicouse o Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril do 2020, polo que se establecen medidas excepcionais de carácter temporal que autorizan excepcións a determinadas disposicións do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello para facer fronte á perturbación do mercado causada pola pandemia do COVID-19 no sector das froitas e hortalizas e no sector vitivinícola, así como medidas conexas.

As medidas adoptadas para facer fronte a esta crise no sector da restauración co peche de hoteis, restaurantes e bares, e os problemas loxísticos creados polas restricións impostas tiveron unha forte repercusión no abastecemento e demanda de viño.

A cancelación de celebracións e festas tradicionais en que é común o consumo de viño, así como a ausencia de turismo, están incidindo enormemente no consumo de viño, e todo isto provoca un incremento do volume de viño no mercado, o que afecta moi negativamente a posibilidade de comercialización deste ao desequilibrarse de maneira acusada oferta e demanda.

O presente real decreto apróbase co obxectivo de aplicar no Reino de España para o sector vitivinícola o mencionado regulamento da Unión Europea.

As medidas que se recollen refírense, por un lado, á posta en marcha de axudas a unha destilación de crise para a campaña 2019/2020, de forma que o alcohol obtido nesta destilación se destine a usos industriais, incluída a fabricación de desinfectantes e produtos farmacéuticos ou enerxéticos, evitando distorsións da libre competencia e coadxuvando no logro de fins de interese xeral; por outro lado, afróntanse medidas de axudas ao almacenamento de viño co fin de contribuír a aliviar a situación actual que o sector do viño sofre debido á actual pandemia do COVID-19, reequilibrando o mercado desde o lado da oferta.

Ademais, a aplicación do Regulamento de execución (UE) 2020/600 da Comisión, do 30 de abril de 2020, polo que se establecen excepcións ao Regulamento de execución (UE) 2017/892, ao Regulamento de execución (UE) 2016/1150, ao Regulamento (UE) 2015/1368 e ao Regulamento de execución (UE) 2017/39 no que respecta a determinadas medidas para facer fronte á crise causada pola pandemia do COVID-19, permite certa flexibilidade na aplicación da normativa en vigor na materia, polo que se procede a adaptar o regulado polo Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, con respecto á medida de colleita en verde con efectos exclusivos para esta campaña.

Conforme o previsto na habilitación contida no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispónse a obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos coa Administración para as distintas liñas de axudas, considerando que os potenciais beneficiarios presentan unhas características derivadas da súa dedicación profesional que permiten o emprego desa habilitación, tendo en conta que a normativa en materia de axuda e control do sector xa impón relacións electrónicas aos seus destinatarios para cumprir coas súas obrigacións de información e que, en todo caso, se conta con equipamento

habitual que permite as relacións electrónicas, polo que queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Por outro lado, a Organización Común de Mercados dos produtos agrarios prevé a posibilidade de pór en marcha accións ante determinadas situacións do mercado vitivinícola que poidan mellorar e dar estabilidade ao funcionamento do mercado no sector dos viños. Así, en virtude do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os Estados membros poden establecer normas de comercialización para regular a oferta coa finalidade de mellorar a situación do mercado nun momento determinado en que as condicións de mercado o xustifiquen, tendo que ser a norma acorde co obxectivo que se pretende alcanzar.

A produción de viño e mosto en España caracterízase por ter unha gran variabilidade, xa que existen campañas en que a produción é moi elevada en relación coa posibilidade de comercialización do produto a prezos que aseguren a desexable rendibilidade aos operadores, polo que é oportuno establecer unha norma de comercialización que permita a estes coñecer, no posible, como se actuará nas campañas en que as dispoñibilidades de uva e de viño sexan moi altas.

Desta maneira, o Real decreto 774/2014, do 12 de setembro, polo que se desenvolve a aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e se fixan os requisitos e o contido dunha norma de comercialización no sector do viño, e se aproban as medidas aplicables á campaña 2013/2014 e se derrogan determinadas normas en materia agraria e pesqueira, estableceu os requisitos que deben ter en España as normas de comercialización, e fixou a norma de comercialización para a campaña 2013/2014.

Desde a entrada en vigor do citado real decreto, a experiencia adquirida coa norma de comercialización fixada na campaña 2013/2014, e a reflexión conxunta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Organización Interprofesional do Viño de España fixeron patente a conveniencia de elaborar medidas complementarias á regulación recollida no mencionado real decreto, especialmente dada a actual conxuntura de mercado.

Formulouse a necesidade, dada a gran variabilidade de producións e prezos de viño sen indicación xeográfica que se rexistran entre campañas, de establecer uns requisitos para a aplicación da norma que permanezan invariables para todas as campañas. Así, considerouse necesario regular a oferta de uva de vinificación para viños sen indicación xeográfica en todas as campañas, co fin de evitar que se obteñan viños sen indicación xeográfica a partir de uva procedente de parcelas con excesivo rendemento, con vocación de permanencia.

Desta forma, a medida de xestión proposta, invariable no tempo, terá a garantía necesaria de coñecemento por parte dos operadores e dotará a regulación de seguridade xurídica, transparencia e previsibilidade respecto ao funcionamento e activación dos mecanismos pertinentes.

Así mesmo, modifícase o Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, engadindo un parágrafo ao seu artigo 50.1.a), que recolle a posibilidade de que nunha campaña en que as dispoñibilidades de viño sexan superiores á media poidan habilitarse índices de volume de alcohol en subprodutos superiores aos ordinarios, en atención ás condicións de mercado.

E, finalmente, modifícase un anexo do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, co fin de que se especifique a produción de uva de cada unha das parcelas ou recintos e non a cantidade global.

Este real decreto dítase de acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ao abeiro da habilitación da disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e do número 5 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

A regulación que contén esta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias máis alá das propias derivadas das medidas que se establecen nesta norma.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e deuse audiencia aos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten como obxecto:

a) Aplicar, no sector do viño, o Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril do 2020, polo que se establecen medidas excepcionais de carácter temporal que autorizan excepcións a determinadas disposicións de Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello para facer fronte á perturbación do mercado causada pola pandemia do COVID-19 no sector das froitas e hortalizas e no sector vitivinícola, así como medidas conexas.

b) Aplicar o Regulamento de execución (UE) 2020/600 da Comisión, do 30 de abril de 2020, polo que se establecen excepcións ao Regulamento de execución (UE) 2017/892, ao Regulamento de execución (UE) 2016/1150, ao Regulamento (UE) 2015/1368 e ao Regulamento de execución (UE) 2017/39 no que respecta a determinadas medidas para facer fronte á crise causada pola pandemia do COVID-19.

c) Regular unha medida de aplicación en todas as campañas, en aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e fixar os requisitos e o contido dunha norma de comercialización no sector do viño.

d) Modificar o cadro B do anexo I b do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.

e) Incorporar unha regra adicional no Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, sobre o volume de alcohol en subprodutos.

2. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, agás nas cidades de Ceuta e Melilla.

CAPÍTULO I

Destilación de viño en caso de crise

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Establécese unha axuda á destilación de crise, voluntaria, para viño a granel con grao alcohólico mínimo do 11% en volume producido en territorio nacional, na campaña 2019-2020.

O volume inicial de viño que recibirá axuda á destilación será de 2 millóns de hectolitros, dos cales 0,5 Mhl serán de viños amparados por unha denominación de orixe protexida (DOP) e 1,5 Mhl para o resto de viños.

Excepcionalmente, poderán ser obxecto de destilación os viños base para a DOP Cava cun contido alcohólico mínimo de 9,5% en volume.

O viño entregado polo produtor á destilaría debe responder ás definicións recollidas nos números 1, 4, 5 e 6 da parte II do anexo VII do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

Entenderase por viños amparados por unha DOP os así recoñecidos e protexidos sobre a base do establecido no artigo 93.1.a) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 3. *Beneficiarios da axuda.*

1. Os beneficiarios das axudas de destilación de crise serán os destiladores autorizados de produtos vitivinícolas que transformen viño en alcohol.

2. O volume de viño que destile cada solicitante deberá xustificarse mediante os contratos subscritos entre a destilaría e o produtor do viño que o entregue para tal fin, por un mínimo de 10 hl por contrato.

Os produtores que subscriban un contrato cunha destilaría deberán ter cumprido coas obrigacións de entrega de subprodutos a que se refire a subsección primeira da sección terceira do capítulo II do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

3. Admitiranse solicitudes de axuda por parte dos destiladores por un volume mínimo de 50 hl por solicitude.

4. En todo caso, non poderán percibir estas axudas aqueles que incumpran calquera dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4. *Autorización de destiladores.*

1. Consideraranse autorizados para efectos desta axuda aqueles destiladores que o estean para a axuda á destilación de subprodutos para a campaña vitícola 2019/2020, conforme as disposicións establecidas no artigo 54 do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

2. As comunidades autónomas poderán autorizar, así mesmo, outros destiladores de produtos vitivinícolas que, non estando recollidos no parágrafo anterior, cumpran os requisitos establecidos no artigo 54 do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, de acordo co artigo 3 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020.

Os destiladores interesados presentarán a solicitude ante a comunidade autónoma en que radiquen as súas instalacións, en todo caso por medios electrónicos, a través do rexistro electrónico da autoridade competente mediante calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como máis tarde o 15 de xuño de 2020.

Conforme o previsto na habilitación contida no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispónse a obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos coa Administración para a presente liña de axudas.

As comunidades autónomas deberán ditar e notificar a resolución aos solicitantes como máis tarde o 17 de xuño de 2020; o sentido do silencio será desestimatorio en virtude do disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As comunidades autónomas, como máis tarde o 18 de xuño de 2020, remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA, O.A.) a relación dos destiladores autorizados para participar neste réxime de axuda no seu ámbito territorial, con indicación do enderezo onde se localicen as súas instalacións. Un día despois, o FEGA, O.A. dará publicidade á lista definitiva de destiladores autorizados.

Artigo 5. *Importe da axuda.*

1. O importe da axuda que se pagará aos destiladores autorizados para a destilación de crise está establecido en 0,40 €/litro de viño destilado para o viño con DOP, e de 0,30 €/litro de viño destilado para o resto de viños.

Este importe verase incrementado en 0,005 €/l de viño para aqueles volumes de viño para os cales a distancia entre o almacén de orixe do viño e a destilaría de destino se sitúe entre os 150 e os 300 quilómetros, e en 0,01 €/l de viño para aqueles volumes de viño para os que haxa máis de 300 quilómetros de distancia entre o almacén de orixe do viño e a destilaría de destino.

2. A contía da axuda mencionada no número 1 cobre os custos de subministración de viño aos destiladores e a destilación do viño en cuestión.

3. O destilador deberá aboar ao subministrador do viño o importe da axuda unha vez descontados os custos da destilación.

4. A contía do custo de subministración do viño que aboarán as destilarías a cada un dos seus subministradores poderá atender a bonificacións e depreciacións derivadas do tipo de viño, a graduación do viño entregado ou outros feitos obxectivos; en todo caso, o seu cálculo debe responder aos principios de obxectividade e non discriminación.

En calquera caso, o suplemento por transporte a que se refire o segundo parágrafo do número 1 do presente artigo será aboado polo destilador de forma íntegra ao subministrador.

Artigo 6. *Solicitudes de axuda.*

1. As solicitudes de axuda deberán presentarse ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións de destilación como máis tarde o 23 de xuño de 2020. As solicitudes presentaranse en todo caso por medios electrónicos a través do rexistro electrónico da autoridade competente ou mediante calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Conforme o previsto na habilitación contida no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispónse a obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos coa Administración para a presente liña de axudas.

2. As solicitudes presentaranse conforme un modelo establecido pola comunidade autónoma ou, na súa falta, mediante a correspondente solicitude, que conteña, ao menos, os datos seguintes:

a) Datos do destilador: nome e apelidos ou razón social, localización das instalacións de destilación (localidade, municipio e provincia), teléfono, correo electrónico, NIF e código de actividade e establecemento (CAE) do destilador.

b) Lista dos produtores subministradores do viño, volume, grao alcohólico e tipo de viño contratado para a destilación por cada un dos produtores no marco desta axuda e os seus datos: nome e apelidos ou razón social, localización do almacén ou adega (localidade, municipio e provincia), teléfono, correo electrónico, NIF, código de actividade e/ou número de identificación da adega de produción (NIDPB) e/ou número de rexistro de industria alimentaria (RIA) e distancia, en quilómetros, á destilaría.

c) Documento acreditativo do depósito dunha garantía de boa execución por un importe igual ao 110% da axuda solicitada.

A solicitude irá acompañada, ao menos, de copia dos contratos subscritos con cada un dos produtores subministradores do viño obxecto desta axuda, en que deberá quedar constancia, se for o caso, dos volumes de viño obxecto de suplemento por distancia a que se refire o segundo parágrafo do número 1 do artigo 5.

As comunidades autónomas poderán solicitar a documentación adicional que consideren oportuna ao respecto.

Artigo 7. *Repartición da axuda.*

En caso de que o volume total de viño solicitado para destilación de crise supere as limitacións establecidas no artigo 2 para algunha das categorías ou para ambas, aplicarase para cada unha das categorías excedidas unha redución de volume con axuda concedida por solicitude, proporcional ao volume excedido, e poderán asignarse transvasamentos de volume entre unha e outra categoría, en caso de superación dun e non alcance doutro, a razón de 1,33 litros de viño sen DOP por cada litro con DOP e 0,75 litros con DOP por cada litro de viño sen DOP, agás que existise dispoñibilidade orzamentaria para aumentar o volume de viño que se vai destilar en virtude do artigo 39 do presente real decreto.

Artigo 8. *Resolución.*

Antes do 13 de xullo de 2020, as comunidades autónomas enviarán ao FEGA, O.A. dúas listas de solicitudes admitidas, unha para viños con DOP e outra para o resto de viños, cos datos referentes ao volume en hectolitros solicitado e o importe de axuda correspondente a cada unha delas, de acordo co formato que se indique no Plan nacional de controis.

Non se terán en consideración as solicitudes que se comuniquen ao FEGA, O.A. despois do prazo indicado no parágrafo anterior.

O FEGA, O.A. comunicará ás comunidades autónomas, como máis tarde o 17 de xullo de 2020, se procede o pagamento de toda a axuda solicitada polos beneficiarios ou, se for o caso, debe aplicarse algún coeficiente de redución para a destilación de viños con DOP e/ou resto de viños, en virtude do establecido no artigo 7 do presente real decreto.

As comunidades autónomas emitirán resolución ao respecto, que notificarán ao beneficiario nos cinco días hábiles seguintes ao da comunicación do FEGA, O.A.

A data límite para realizar a entrega do viño á destilaría será o 10 de setembro de 2020.

Artigo 9. *Solicitudes de pagamento.*

1. Antes do 15 de setembro o beneficiario da axuda deberá presentar unha solicitude de pagamento, xunto con, ao menos, a seguinte documentación:

- a) Proba de destilación do viño.
- b) Proba do pagamento por parte do destilador ao produtor dos gastos de transporte cando se aplicase o suplemento de transporte a que se refire o número 1 do artigo 5 do presente real decreto.
- c) Xustificación de destino do alcohol obtido de acordo co indicado no artigo 10 do presente real decreto.

Se, tras a verificación dos datos contidos na solicitude, se comproba a existencia de datos falsos que en ningún caso poidan considerarse erros ou defectos emendables, a solicitude non se considerará admisible para recibir ningunha axuda por esta medida, isto sen prexuízo da instrución do procedemento de infracción segundo o previsto no artigo 39.1.d) da Lei 24/2003, do 10 de xullo.

2. En caso de non dispor dos xustificantes de destino do alcohol obtido, poderá tamén recibir a totalidade da axuda, e estes deberán ser entregados, como máis tarde, o 31 de xullo de 2021.

3. Excepcionalmente, en casos debidamente xustificadas por parte dalgunha destilaría, as comunidades autónomas en que se localice a destilaría afectada poderán pospor, mediante resolución motivada e para a destilaría en cuestión, a data de presentación da proba de destilación e a proba de pagamento a que se refiren as letras a) e b) do número 1, e deberase prever a nova data para a súa entrega, que non poderá ir máis alá do 31 de outubro de 2020.

Artigo 10. *Destino do alcohol.*

O alcohol obtido da destilación de viño a que se concedese a axuda utilizarase exclusivamente en procesos industriais, incluída a fabricación de desinfectantes e produtos farmacéuticos, ou enerxéticos, co fin de evitar distorsións da libre competencia.

Poderase considerar que o alcohol obtido se vai destinar a un proceso industrial ou enerxético se este foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, coas substancias aprobadas que o fagan impropio para o consumo humano por inxestión.

En calquera caso, a autoridade competente para comprobar o cumprimento dos requisitos para obter a axuda deberá solicitar do destilador autorizado información sobre o destino final deste alcohol desnaturalizado.

Artigo 11. *Xustificación do destino do alcohol obtido.*

1. O destilador autorizado debe presentar como xustificante deste destino ante a autoridade competente un certificado de saídas diarias do alcohol, mencionando, ao menos, a cantidade e o grao volumétrico do alcohol que saíu e a identificación do produtor, así como unha copia dos documentos de acompañamento que amparan a circulación dos produtos obxecto de impostos especiais de fabricación, co número ARC que identifica o envío e a aceptación por parte do destinatario sen incidencias. Así mesmo, deberá entregarse o compromiso escrito do destinatario de utilizar o dito alcohol exclusivamente cos fins establecidos no artigo 10 do presente real decreto.

2. De acordo co disposto no número anterior, na xustificación do destino do alcohol que resulte da destilación a que se concedese axuda, admitiranse as seguintes porcentaxes de perda:

- a) 0,50% das cantidades de alcohol almacenadas por trimestre de almacenamento como perda de alcohol debida á evaporación.
- b) 0,50% das cantidades de alcohol retiradas dos almacéns como perda de alcohol debida a un ou varios transportes terrestres.

Artigo 12. *Pagamentos.*

O outorgamento e o pagamento ou a denegación desta axuda corresponden á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a solicitude da axuda.

O pagamento da axuda efectuarase antes do 15 de outubro do 2020.

En caso de que un beneficiario non poida acreditar finalmente un volume destilado igual ao que lle foi concedido, aplicaráselle unha redución do importe da axuda proporcional a esa diferenza, cunha penalización do 10%.

Artigo 13. *Liberación de garantías.*

1. A garantía de boa execución liberarase no momento de presentación da documentación a que se fai referencia no número 1 do artigo 9 do presente real decreto.

2. A data máxima para entregar os xustificantes de destino do alcohol obtido será o 31 de xullo de 2021, sen prexuízo de que, cando a situación do mercado o exixa, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poida ampliar a dita data.

3. Poderase liberar parcialmente a garantía de boa execución na cantidade correspondente ao volume de alcohol para o que se entregase toda a documentación requirida.

4. A garantía executarase para o volume de alcohol para o que non se entregase a proba de destilación, a proba de pagamento dos gastos de transporte e o xustificante de destino no prazo establecido para tal fin, cunha penalización do 10% do importe correspondente ao volume non xustificado.

Así mesmo, executarase a garantía na parte correspondente cando o destilador autorizado non poida acreditar finalmente un volume de alcohol producido de acordo co

viño entregado, tendo en conta a súa graduación, e aplicárase, ademais, unha penalización do 10 % respecto ao importe correspondente ao volume pendente, tendo en conta o establecido no artigo 11, número 2, deste real decreto.

CAPÍTULO II

Axuda para o almacenamento privado de viño en casos de crise

Artigo 14. *Ámbito de aplicación.*

1. Establécese unha axuda ao almacenamento privado voluntario de 2 millóns de hectolitros de viño con DOP.

2. Así mesmo, establécese unha axuda ao almacenamento privado voluntario de 250.000 hectolitros de viño con indicación xeográfica protexida (IXP).

3. Entenderase por viños con DOP e viños con IXP os así recoñecidos e protexidos en cada caso sobre a base do establecido no artigo 93.1.a) e b) do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

4. Os viños con DOP e os viños con IXP que poderán ser obxecto de axuda ao almacenamento privado deben responder ás definicións recollidas nos números 1, 4, 5 e 6 da parte II do anexo VII do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

5. Os viños obxecto de almacenamento privado, tanto os referidos no número 1 como no número 2 do presente artigo, serán viños a granel que se encontren almacenados en depósito ou almacén precintables, de forma que se garanta que o produto obxecto da axuda non sae ao mercado antes do período de almacenamento comprometido, agás que se aplique o indicado no artigo 16 do presente real decreto.

6. Ben que non son obxecto desta axuda os viños embotellados, de maneira excepcional poderán selo os viños espumosos embotellados polo seu particular proceso de elaboración. Neste caso, as botellas deberán estar situadas en soportes ou almacéns precintables que garantan a integridade do produto obxecto da axuda.

7. As comunidades autónomas poderán establecer normas adicionais sobre os depósitos, almacéns ou soportes precintables, sempre que quede perfectamente acreditada a integridade do produto e garantida a inexistencia de substitucións de viño ao longo do período de almacenamento.

Artigo 15. *Beneficiarios da axuda.*

Os beneficiarios das axudas de almacenamento privado serán as empresas vitivinícolas que produzan viño con DOP e viño con IXP.

En todo caso, non poderán percibir estas axudas aquelas que incumpran calquera dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 16. *Condicións da axuda.*

1. A axuda está establecida en 0,027 €/hectolitro e día de viño almacenado.

2. A axuda mencionada no número 1 será para un mínimo de 50 hectolitros por solicitante con carácter xeral. Non obstante, para as comunidades autónomas de Illes Balears, Galicia, Rexión de Murcia e Comunidade de Madrid, o mínimo será de 25 hectolitros por solicitante.

O citado mínimo poderá ser incrementado polas comunidades autónomas.

3. A duración deste almacenamento poderá ser de 180, 270 ou 360 días no caso dos viños tintos, e de 180 días para o resto de viños. Estes períodos poderán interromperse se as condicións do mercado así o aconsellan, o que deberá establecerse por resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

4. O beneficiario da axuda poderá sacar ao mercado o viño almacenado obxecto desta axuda antes da finalización do período comprometido, sempre e cando esta data sexa posterior ao 10 de setembro de 2020.

Cando a interrupción do almacenamento sexa por vontade do beneficiario, aplicarase unha penalización proporcional sobre o importe correspondente ao tempo restante do período a que se comprometera incrementada nun 10%.

Cando o beneficiario queira interromper o período de almacenamento inicialmente solicitado, deberá comunicalo á autoridade competente cunha antelación mínima de 5 días hábiles, co fin de que poidan realizarse os controis previos á posta do produto no mercado.

Artigo 17. *Solicitudes de axuda.*

1. Admitirase unha única solicitude por operador.

2. Cada solicitude de axuda deberá presentarse ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique o maior volume de viño para o que se solicite a axuda ao almacenamento privado como máis tarde o 23 de xuño de 2020. As solicitudes presentaranse en todo caso por medios electrónicos a través do rexistro electrónico da autoridade competente ou mediante calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Conforme o previsto na habilitación contida no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispónse a obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos coa Administración para a presente liña de axudas.

3. As solicitudes presentaranse conforme un modelo establecido pola comunidade autónoma ou, na súa falta, mediante a correspondente solicitude, que conteña, ao menos, os datos seguintes:

a) Datos da empresa vitícola que produce e solicita almacenar o viño: nome e apelidos ou razón social, localización da empresa (localidade, municipio e provincia), teléfono, correo electrónico, NIF, código de actividade e número de identificación da adega de produción (NIDPB) ou número de rexistro de industria alimentaria (RIA).

b) Datos do produto almacenado: DOP ou IXP a que pertence, volume que solicita almacenar (hectolitros con dous decimais) por período de almacenamento solicitado.

c) Datos da localización: nome do almacén ou almacéns, enderezo de cada lugar de almacenamento e localización dos depósitos ou almacéns precintables (localidade, municipio e provincia) e cantidades correspondentes almacenadas en cada un, de acordo co período de almacenamento solicitado.

d) Documento acreditativo do depósito dunha garantía de boa execución por un importe igual ao 110% da axuda solicitada.

As comunidades autónomas poderán solicitar a documentación adicional que consideren oportuna ao respecto.

Artigo 18. *Repartición da axuda.*

No caso en que o volume total de viño solicitado para almacenamento de crise supere as limitacións establecidas no artigo 14 para cada unha das categorías, aplicarase unha redución de volume con axuda concedida por solicitude proporcional ao volume excedido para cada categoría.

En caso de superación do volume de viño obxecto de axuda a que se refire o número 1 do artigo 14 pero non do volume de viño obxecto de axuda a que se refire o número 2 do mesmo artigo, poderán asignarse transvasamentos de volume desde a categoría de viño a que se refire o número 2 do artigo 14 cara á categoría de viño a que se refire o número 1 dese mesmo artigo.

En caso de existir dispoñibilidade orzamentaria en virtude do artigo 39 do presente real decreto, poderá incrementarse o volume de viño obxecto de almacenamento a que se refire o número 1 do artigo 14.

Artigo 19. Resolución.

Antes do 13 de xullo de 2020, as comunidades autónomas enviarán ao FEGA, O.A. dúas listas de solicitudes admitidas, unha para viños con DOP e outra para viños con IXP, cos datos referentes ao volume en hectolitros solicitado e o importe de axuda correspondente a cada unha de elas, de acordo co formato que se indique no Plan nacional de controis.

Non se terán en consideración as solicitudes que se comuniquen ao FEGA, O.A. despois do prazo indicado no parágrafo anterior.

O FEGA, O.A. comunicará ás comunidades autónomas afectadas, como máis tarde o 17 de xullo de 2020, se procede o pagamento de toda a axuda solicitada polos beneficiarios ou, se for o caso, se debe aplicarse algún coeficiente de redución a algún dos dous tipos de viños indicados no artigo 14, tendo en conta os posibles transvasamentos indicados no artigo 18.

As comunidades autónomas emitirán resolución ao respecto que notificarán ao beneficiario nos cinco días hábiles seguintes ao da comunicación do FEGA, O.A.

Artigo 20. Contratos.

Será necesario subscribir un contrato de almacenamento entre o organismo pagador da comunidade autónoma que recibiu a solicitude e os beneficiarios cuxa solicitude de axuda fose aceptada, que inclúa as obrigacións das partes contratantes e as condicións de almacenamento, incluído o período de almacenamento contractual.

Os contratos subscribiranse pola cantidade realmente almacenada (a «cantidade contractual»), que non superará a cantidade indicada na solicitude.

Non se subscribirá ningún contrato cando a cantidade realmente almacenada sexa inferior ao 95% da cantidade indicada na solicitude, ou da cantidade resultante da aplicación, se for o caso, do coeficiente reductor indicado no artigo 19 do presente real decreto. Os contratos poderán subscribirse tras a confirmación da admisibilidade do produto almacenado, así como da data de almacenamento, e a precintaxe dos depósitos ou almacéns, despois da realización dos correspondentes controis, e levantarase unha acta ou informe de control ao respecto.

O dito organismo pagador notificará ao beneficiario da axuda, no prazo de cinco días hábiles a partir da data de expedición da acta ou informe de control, que o contrato se considera suscrito. A data de subscrición do contrato será aquela en que o organismo pagador efectúe a notificación ao axente económico.

Os contratos incluírán, ao menos, as seguintes obrigacións por parte do beneficiario:

a) Manter almacenada a cantidade contractual durante o período de almacenamento contractual, pola súa conta e risco, agás as excepcións recollidas nos números 3 e 4 do artigo 16 do presente real decreto.

b) Garantir o mantemento das características do produto almacenado, sen substituír o produto almacenado nin trasladalo a outro lugar de almacenamento, agás as excepcións recollidas no número 2 do artigo 21 do presente real decreto.

c) Conservar os documentos relativos ao proceso de contratación.

d) Permitir que o organismo pagador comprobe, en calquera momento, o cumprimento de todas as obrigacións estipuladas no contrato, mantendo á disposición deste toda a documentación contida nel que permita verificar todos os elementos incluídos.

Artigo 21. Procedemento para o almacenamento privado.

1. En cada depósito ou almacén precintable poderá almacenarse unicamente viño dun solicitante e cun período de almacenamento concreto.

2. O viño almacenado non se poderá trasladar nin relocalizar noutro depósito, agás circunstancias xustificadas e logo de autorización da autoridade competente.

3. O período de almacenamento contractual comezará o día seguinte ao da data de notificación da resolución emitida pola comunidade autónoma, indicada no artigo 19 do presente real decreto.

Artigo 22. *Pagamentos.*

O pagamento da axuda realizarase cando se subscribisen os contratos, é dicir, tras ter realizado os controis e a precintaxe dos depósitos ou almacéns.

O pagamento da axuda efectuarase antes do 15 de outubro de 2020.

O outorgamento e o pagamento ou a denegación desta axuda corresponden á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a solicitude da axuda.

Artigo 23. *Liberación de garantías.*

1. Unha vez comunicada a notificación a que se fai referencia no artigo 19, se o volume concedido é menor ao solicitado, a garantía poderase substituír por outra que se axuste ao 110% do importe correspondente ao volume que o beneficiario ten dereito a almacenar.

2. A garantía liberarase cando a autoridade competente efectúe os controis correspondentes do final de almacenamento previos á retirada do produto.

3. A garantía executarase parcialmente cando o período de almacenamento indicado na solicitude de axuda se interrompa:

a) Se isto se produce pola resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado» a que fai referencia o número 3 do artigo 16 deste real decreto, a garantía executarase polo importe restante até a finalización do almacenamento solicitado.

b) Se é por decisión do beneficiario, aplicarase, ademais, unha penalización proporcional do 10% sobre o importe correspondente ao tempo restante do período a que se comprometera.

4. Se a interrupción do almacenamento se produce antes do 10 de setembro de 2020, a garantía será executada na súa totalidade.

CAPÍTULO III

Colleita en verde

Artigo 24. *Aplicación da axuda á colleita en verde para a vendima de 2020.*

Non obstante o disposto na sección 5.^a do capítulo II do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, a regulación da colleita en verde para a vendima do ano 2020 será a establecida nos artigos do 24 a 34 do presente real decreto.

Artigo 25. *Ámbito de aplicación.*

1. En aplicación do artigo 47 do Regulamento (UE) n° 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, establécese unha axuda de 10 millóns de euros, que se aboará nos exercicios orzamentarios 2020 e 2021 para a colleita en verde da vendima 2020 de parcelas completas de viñedo amparadas por unha DOP, dos cales 4 millóns de euros se aboarán con cargo ao exercicio 2020 e o resto con cargo ao exercicio 2021.

A mencionada axuda poderase conceder nas comunidades autónomas que así o soliciten ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como máis tarde o 14 de xuño de 2020.

Entenderase por colleita en verde a destrución ou a eliminación total dos acios de uvas cando aínda están inmaduros, de maneira que se reduza a cero o rendemento da parcela, sen que poidan existir uvas sen vendimar na parcela de viñedo obxecto da axuda.

2. Sen prexuízo do exposto no primeiro parágrafo do número 1 deste artigo, no caso de existiren sobrantes de orzamento tras a aplicación do establecido no artigo 39, poderá aboarse con cargo ao exercicio 2020 a totalidade ou parte dos 6 M€ cuxo aboamento está inicialmente previsto para o exercicio 2021.

Artigo 26. *Beneficiarios.*

Poderanse acoller á axuda á colleita en verde os viticultores inscritos nalgunha DOP, para aquelas parcelas de viñedo rexistradas nesa DOP que se destinen á produción de uva para vinificación.

Non poderán ser beneficiarios aqueles contraveñan a normativa vixente tanto en materia de plantacións de viñedo para calquera das superficies de viñedo da súa explotación, como en materia das declaracións obrigatorias reguladas no ámbito comunitario e nacional.

En todo caso, non poderán percibir estas axudas aqueles que incumpran calquera dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 27. *Requisitos de admisibilidade.*

Só poderán acollerse á axuda á colleita en verde as solicitudes de parcelas completas de viñedo rexistradas nunha DOP que se destinen á produción de uva para vinificación sempre e cando non sexan parcelas de viñedo plantadas nas tres campañas anteriores á presente campaña 2019/2020.

As solicitudes realizaranse por parcelas cuxa superficie mínima sexa igual ou superior a 0,3 hectáreas.

A colleita en verde poderá realizarse de forma manual e/ou mecánica e/ou química.

Artigo 28. *Parámetros para o cálculo da axuda.*

1. A axuda á colleita en verde calcularase sumando unha compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas e outra pola perda de ingresos vinculada á destrución ou á eliminación destes, que se deberá axustar ao establecido no artigo 9 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. As comunidades autónomas que prevegan solicitar esta axuda, de conformidade co parágrafo segundo do número 1 do artigo 25 do presente real decreto, fixarán a compensación pola perda de ingresos calculada como o 60 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas no ámbito territorial onde se localice a parcela de viñedo obxecto da colleita en verde, que a comunidade autónoma deberá definir.

O valor medio da uva a que se aplicará a porcentaxe citada deberá coincidir, en coherencia, co valor medio da uva que serve de base para o cálculo da compensación a viticultores por perdas de ingresos para a axuda á reestruturación e reconversión de viñedos a que se refire o número 2 do artigo 37 do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro.

3. As comunidades autónomas que prevegan solicitar esta axuda fixarán, ademais, un importe máximo por hectárea dos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uva para cada unha das formas de eliminación: manual, mecánica ou química.

A compensación que se concederá por este concepto será o 60 por cento do custo directo mencionado.

No caso en que se utilice máis dun método de colleita en verde nunha mesma superficie, a compensación basearase no método menos custoso.

4. Cando as comunidades autónomas prevegan o pagamento das contribucións en especie en forma de provisión de traballo que non fose obxecto de ningún pagamento en efectivo xustificado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, as comunidades autónomas deberán comunicarllo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa comunicación á Comisión Europea no marco do Programa de apoio.

O cálculo das contribucións en especie realizarase segundo o establecido no artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, tendo en conta os números 2.b), 3.b) e 3.c) do artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

5. As comunidades autónomas que prevexan solicitar a axuda enviarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xunto coa solicitude mencionada no número 1 do artigo 25, as cantidades fixadas no primeiro parágrafo do número 2, no primeiro parágrafo do número 3 e, se for o caso, no primeiro parágrafo do número 4 do presente artigo, é dicir, a compensación por perda de ingresos e os custos directos da destrución dos acios para cada un dos métodos de eliminación e, se for o caso, o cálculo das contribucións en especie.

Artigo 29. *Solicitudes de axuda.*

1. Nas comunidades autónomas que realizen a solicitude prevista no segundo parágrafo do artigo 25, os viticultores poderán presentar unha solicitude de axuda para a colleita en verde da campaña 2019/2020 como máis tarde o 23 de xuño de 2020.

A solicitude presentárase ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as parcelas de viñedo onde se solicite realizar a colleita en verde.

Admitirase unha única solicitude por operador, agás que, no caso das DOP supraautonómicas, o viticultor posúa parcelas de viñedo amparadas por esa DOP en comunidades autónomas diferentes, caso en que deberá presentar unha ou varias solicitudes de axuda tendo en conta a localización das súas parcelas.

Os solicitantes, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que queiran acollerse á axuda á colleita en verde obxecto de financiamento da Unión Europea deberán presentar, en todo caso por medios electrónicos a través do rexistro electrónico da autoridade competente ou a través de calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a correspondente solicitude.

Conforme o previsto na habilitación contida no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispónse a obrigatoriedade de relacionarse por medios electrónicos coa Administración para a presente liña de axudas.

2. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude de axuda, como mínimo, a seguinte información:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Localización e superficie da ou das parcelas sobre as que se queira realizar a colleita en verde.
- c) O rendemento medio da parcela ou das parcelas sobre as que se queira efectuar a colleita en verde considerando a media das tres últimas campañas. No caso de non coñecerse as producións específicas das parcelas obxecto da solicitude de axuda, o rendemento medio calcularase tendo en conta a produción total declarada segundo o tipo de viño en que se encontra a parcela obxecto de solicitude de axuda, dividido entre a superficie total declarada para ese tipo de viño. Esta produción total segundo tipo de viños corresponde á declarada segundo a desagregación de datos de viñedo recollido no cadro B do anexo I b do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.
- d) A variedade de uva e o tipo de viño producido segundo a declaración de colleita da campaña anterior.
- e) A DOP a que pertencen as parcelas para as que se solicita a axuda.
- f) Forma de realización (medios propios ou por empresa) e método da colleita en verde (manual, mecánica ou química).
- g) Se a parcela pertence a explotacións de titularidade compartida, de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro, de titularidade compartida das explotacións agrarias.
- h) Retirada potencial de viño en cada parcela para a que se solicita axuda.

As comunidades autónomas poderán solicitar a documentación adicional que consideren oportuna ao respecto.

Artigo 30. *Resolución.*

O órgano competente da comunidade autónoma remitirá ao FEGA, O.A. antes do 13 de xullo de 2020 a lista de solicitudes admitidas cos datos referentes á superficie auxiliábel e o importe correspondente de acordo co formato que se indique no Plan nacional de controis.

Non se terán en consideración as solicitudes que se comuniquen ao FEGA, O.A. despois do prazo indicado no parágrafo anterior.

O FEGA, O.A. comunicará ás comunidades autónomas afectadas, como máis tarde o 17 de xullo de 2020, se procede a concesión da axuda á colleita en verde a todas as superficies para as cales se solicitou a axuda ou, se for o caso, se debe aplicarse un coeficiente redutor de acordo co indicado no artigo 31.

As comunidades autónomas emitirán resolución ao respecto, que notificarán ao beneficiario nos cinco días hábiles seguintes á comunicación do FEGA, O.A.

Artigo 31. *Repartición da axuda.*

O FEGA, O.A., unha vez recibida das comunidades autónomas a información requirida no artigo anterior e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria da medida e os importes de axuda comunicados polas comunidades autónomas, realizará o cálculo do importe global solicitado e definirá a superficie en cada comunidade autónoma con dereito a axuda.

No caso de que a axuda total admisible supere o orzamento dispoñible para a medida establecido no artigo 25, o FEGA, O.A. calculará un coeficiente redutor de superficie para axustar o orzamento dispoñible á superficie admisible. O dito coeficiente redutor será o mesmo para todas as comunidades autónomas.

Dado que a colleita en verde debe realizarse sobre parcelas completas, en caso de que haxa que aplicar un coeficiente redutor, as comunidades autónomas resolverán positivamente sobre as parcelas completas que, para cada solicitude, resulten da aplicación do dito coeficiente, priorizando as de maior superficie sobre as máis pequenas. Posteriormente, sobre as parcelas restantes, seleccionaranse en primeiro lugar as parcelas que pertencen a explotacións de titularidade compartida de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro, priorizando igualmente por superficie das parcelas. Finalmente, se continúan existindo sobrantes, priorizaranse as solicitudes que impliquen unha maior retirada potencial de viño.

Artigo 32. *Controis.*

1. De acordo co artigo 15, número 2, do Regulamento de execución (UE) 2020/532 da Comisión, do 16 de abril de 2020, que establece excepcións, para o ano 2020, aos regulamentos de execución (UE) n.º 809/2014, (UE) n.º 180/2014, (UE) n.º 181/2014, (UE) 2017/892, (UE) 2016/1150, (UE) 2018/274, (UE) 2017/39, (UE) 2015/1368 e (UE) 2016/1240, no que atinxe a determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables no marco da política agrícola común, os controis sobre o terreo realizaranse antes do 31 de agosto do 2020.

2. Para os efectos do cumprimento do artigo 18 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as comunidades autónomas deberán garantir que as superficies consideradas se manteñan en boas condicións vexetativas e que se cumpran as disposicións ambientais e as fitosanitarias.

3. Co fin de que poidan efectuarse os controis oportunos, os beneficiarios comunicarán á autoridade competente a data de execución da colleita en verde, e a dita comunicación pode considerarse como solicitude de pagamento da axuda. A execución da colleita en verde por parte do beneficiario deberá realizarse nos 10 días hábiles seguintes á notificación da resolución a que se refire o último parágrafo do artigo 30.

Artigo 33. *Pagamento da axuda aos beneficiarios.*

1. A axuda pagarase polo importe calculado segundo os parámetros establecidos no artigo 28 do presente real decreto, e unha vez que se comprobe sobre o terreo que se executou correctamente a operación e se mediu a parcela conforme o método recollido no artigo 44.1 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. Se o viticultor non executa a operación na superficie total para a que se aprobou a axuda, terase en conta a diferenza entre a superficie aprobada e a superficie realmente executada determinada polos controis sobre o terreo. Se esta diferenza non supera o 20%, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo. Se a diferenza é superior ao 20%, pero igual ou inferior ao 50%, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo e reducida no dobre da porcentaxe da diferenza comprobada. Porén, non terá dereito á axuda en caso de que esta diferenza de superficies supere o 50%.

En ningún caso se entenderá executada a colleita en verde na superficie das parcelas en que esta non foi efectuada na parcela completa mediante a eliminación de todos os acios da dita parcela.

3. Non se pagará a axuda en caso de perda total ou parcial da produción antes da data de colleita en verde como consecuencia dun desastre natural.

Para os efectos do cumprimento do parágrafo anterior, considerarase que existiu un desastre natural cando por condicións meteorolóxicas, como as xeadas, a sarabia, as chuvias ou a seca, se destrúa máis do 30% da produción, calculada como a media anual dun agricultor determinado durante o trienio precedente ou dunha media trienal baseada nos cinco anos anteriores que exclúa a cifra máis elevada e a cifra máis baixa.

4. Unha vez efectuados os controis, a comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento de acordo co establecido no artigo 25.

Artigo 34. *Sancións.*

Sen prexuízo do previsto no capítulo V deste real decreto, no caso de que un viticultor non execute a colleita en verde nas parcelas aprobadas será considerado infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e o viño, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei, agás causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Artigo 35. *Condiciónalidade.*

Se se constata que un beneficiario, en calquera momento durante un ano, a partir do 1 de xaneiro do ano natural en que se produce o primeiro pagamento, non respectou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os artigos 91, 92, 93, 94 e 95 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o importe da axuda, en caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión atribuíble directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala, se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións. Para efectos deste control de condicionalidade, as comunidades autónomas deberán dispor de información actualizada sobre as referencias alfanuméricas Sixpac de todas as parcelas que forman parte da explotación do beneficiario.

CAPÍTULO IV

Controis e medidas de xestión das axudas**Artigo 36. *Controis e financiamento.***

1. As actuacións de control das axudas previstas neste real decreto realizaranse conforme o establecido no Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, e sobre a base do establecido nas disposicións en materia de control fixadas no Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión e do Regulamento de execución (UE) 2016/1240 da Comisión.

2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nos plans nacionais de control de cada unha das medidas que deberá establecer o FEGA, O.A., en colaboración con estas.

Como complemento aos plans nacionais de control que se establezan, as autoridades competentes deberán desenvolver cantas actuacións de control consideren precisas.

3. Sen prexuízo destes controis, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste real decreto poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo na súa páxina web.

4. As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020.

Artigo 37. *Restricións para viños con DOP.*

Na campaña 2020/2021, os consellos reguladores deberán adoptar decisións encamiñadas a reducir a produción nesta vendima, de acordo coas súas situacións particulares, diminuindo en todo caso os rendementos máximos por hectárea de uva para vinificación, que pode acompañarse ou substituírse por outras decisións cuxo obxectivo sexa a redución da produción de uva. Estas decisións deberán ser comunicadas polo consello regulador, antes do 30 de xuño de 2020, ao órgano competente da comunidade autónoma ou, en caso de denominacións de orixe protexidas supraautonómicas, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, todo isto en cumprimento do establecido neste precepto.

Artigo 38. *Pagamentos indebidos.*

No caso de pagamentos indebidos, o beneficiario deberá reembolsar os seus importes máis os xuros correspondentes ao tempo transcorrido entre a notificación da obrigaçión de reembolso e o reembolso ou a dedución efectiva. O tipo de xuro que se aplicará será o de demora establecido na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 39. *Flexibilidade orzamentaria entre medidas.*

En caso de que as solicitudes con dereito a pagamento para algunha medida do Programa de apoio ao sector vitivinícola español, tendo en conta a dotación económica prevista neste real decreto, non alcancen os límites orzamentarios establecidos para ela, e se superen estes para outra medida, destinaranse os fondos sobrantes das excedentarias ás deficitarias coa seguinte orde de prelación:

a) Priorizarase en primeiro lugar a destilación de crise, con igualdade para os viños con DOP e para o resto de viños; neste caso, poderase destilar un volume total de viño superior aos 2 millóns de hectolitros que establece o artigo 2 deste real decreto.

b) En caso de se cubrir a totalidade de demandas en destilación de crise, priorizarase o almacenamento privado a que se refire o número 1 do artigo 14.

c) En caso de se cubrir a totalidade de solicitudes para destilación e almacenamento privado a que se refire o número 1 do artigo 14, cubriranse as necesidades de colleita en verde.

Artigo 40. *Incompatibilidade.*

As axudas previstas neste real decreto serán incompatibles coa percepción de calquera outra axuda dedicada á mesma finalidade e obxecto financiada pola Unión Europea, para cuxo obxecto o FEGA, O.A. e os organismos pagadores das comunidades autónomas establecerán os mecanismos adecuados de comprobación.

Así mesmo, as axudas para o almacenamento de viño non poderán ser obxecto de pagamentos adicionais con cargo aos orzamentos xerais do Estado ou do resto de administracións, de acordo co artigo 4.2 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Artigo 41. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado, logo de instrución do procedemento sancionador, segundo o disposto nos artigos 37 a 45 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e o viño, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que puidesen concorrer.

Disposición adicional única. *Condición suspensiva.*

A regulación prevista no primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 33 deste real decreto queda condicionada á publicación do Regulamento delegado da Comisión que modifica, só para o ano 2020, o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2017/891, respecto ao sector de froitas e hortalizas, e o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2016/1149, respecto ao sector do viño, en relación coa pandemia provocada polo COVID-19.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar as datas, prazos e contías establecidos neste real decreto, cando as ditas modificacións sexan precisas para adecualos á normativa da Unión Europea ou para evitar incumprimentos sobrevidos derivados de modificacións nesta.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 774/2014, do 12 de setembro, polo que se desenvolve a aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e se fixan os requisitos e o contido dunha norma de comercialización no sector do viño, e se aproban as medidas aplicables á campaña 2013/2014 e se derrogan determinadas normas en materia agraria e pesqueira.*

Engádesse unha nova disposición adicional, a segunda, e renumérase a actual única como primeira, no Real decreto 774/2014, do 12 de setembro, polo que se desenvolve a aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do

Consello, do 17 de decembro de 2013, e se fixan os requisitos e o contido dunha norma de comercialización no sector do viño, e se aproban as medidas aplicables á campaña 2013/2014 e se derrogan determinadas normas en materia agraria e pesqueira, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Medidas que se aplicarán en todas as campañas.*

Para todas as parcelas de uva de vinificación, sen prexuízo do previsto neste real decreto, as uvas de vinificación que se destinen a adegas para a súa transformación en viño deberán proceder de parcelas en que os rendementos por hectárea nunca superen os 18.000 kg/ha para uva tinta e 20.000 kg/ha para uva branca.

No caso en que as uvas das parcelas de viñedo destinado á produción de viño non cumpran co requisito descrito no parágrafo anterior e sexan vendimadas, non poderán destinarse á produción de viño, e só poderán destinarse exclusivamente á elaboración de mosto, vinagre ou á destilación para alcohol de uso de boca, usos industriais e enerxéticos. Para que poidan destinarse aos ditos usos, o elaborador de mosto, de vinagre ou o destilador deberá acreditar que o produto da transformación destas uvas foi eliminado totalmente da canle do mercado do viño.

No caso de uvas de vinificación amparadas dentro dunha DOP, o rendimento máximo admitido será o establecido dentro de cada denominación, e a autoridade competente deberá, en cada caso, efectuar os controis necesarios para garantir o cumprimento deste precepto e impor en caso de incumprimento as sancións que deriven da lexislación vixente na materia».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.*

Un. O cadro B, Referencia Sixpac das parcelas de viñedo, do anexo I.B. do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, substitúese polo que figura no anexo.

Dous. Nas instrucións para cubrir o anexo I.B. «Declaración de colleita de uva», o texto referido ao cadro B, Referencia Sixpac das parcelas de viñedo, substitúese polo seguinte:

«Indicarase a referencia Sixpac das parcelas. Os datos deste cadro coincidirán cos do cadro B do anexo I.A. A produción consignarase para cada tipo de orientación da produción e para cada unha das parcelas».

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

Na letra a) do artigo 50.1 do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, engádese ao final o seguinte parágrafo:

«Non obstante, cando as dispoñibilidades de viño para unha campaña determinada sexan superiores á media das últimas cinco campañas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá incrementar o volume de alcohol que deben conter os subprodutos até unha cantidade non superior ao 15% do volume de alcohol contido no viño de que procede. Para estes efectos, as dispoñibilidades de viño estableceranse a partir da información sobre existencias e colleita estimada dispoñibles en 15 de agosto».

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO

Cadro B. Referencia Sixpac das parcelas de viñedo

Datos do viñedo	Provincia	Municipio	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie ha	Producción-100 kg	
							Tinta	Branca
Viños con denominación de orixe protexida.								
Viños con indicación xeográfica protexida.								
Viños varietais.								
Viños sen DOP e IXP.								
Outros.								
Total.								